



# **PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS**

### INTRODUCCIÓN

Este documento recolle o conxunto de propostas que o Bloque Nacionalista Galego achegou á Xunta de Galiza durante a primeira semana baixo o estado de alarma e de emerxencia sanitaria, para a súa consideración e inclusión entre as que o Goberno galego desenvolva directamente ou traslade ao Goberno central no marco da xestión da crise sanitaria e socioeconómica do coronavirus.

Elaboramos esta proposta e démoslle traslado á Xunta de Galiza por responsabilidade co noso pobo, desde a convicción de que estamos no momento de sumar e de actuar con unidade, con lealdade e con altura de miras fronte á situación adversa e complexa que o noso país enfrenta.

Como é lóxico nunha realidade cambiante e inestábel como a que vivimos neste período, non se trata dun documento pechado, senón que poderá e deberá modificarse e ampliarse da man do contraste que o BNG está a facer co conxunto dos axentes sociais e económicos do noso país, aos que tamén estamos a informar da nosa proposta -que igualmente trasladamos á Xunta de Galiza- de creación dunha Mesa Galega de Axentes Sociais e Económicos.

### 1. PROPOSTAS DE CONTENCIÓN DO VIRUS.

Segundo a OMS, as cinco estratexias exitosas de China para conter e combater o coronavirus Covid-19, e que se sitúan como modelo de actuación, consistiron en:

- A restrición “estrita” de movementos en Wuhan, epicentro do brote, e peche de relación e mobilidade co resto do estado. A día de hoxe, noutros puntos con moita menor afectación, cúmprense normas moi estritas: Pekín, Hong Kong ou Macao, exixen que calquera persoa que regrese a eses lugares deberá gardar 15 días de corentena nun hotel designado, vixilancia médica, e brazaletes electrónicos que monitorice a súa localización e envíe sinal de alerta de ser preciso.
- Peches de fábricas e cese de actividade económica e produtiva.
- Realización dun elevado número de probas a toda a poboación, e uso de datos para encontrar cada foco.
- Un tratamento científico moi áxil.
- Construír hospitais especializados na loita contra o coronavirus Covid-19.
- Desta experiencia, validada pola OMS, e seguida en parte por Korea do Sul e a continuación por outros estados europeos, podemos obter valiosas conclusións. No caso do noso país, as propostas pasarían por:

#### 1.1. Blindar Galiza.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

Fronte á tese (ideolóxica, non operativa) do Goberno español de que “os virus non saben de territorios”, non podemos esquecer que nos primeiros momentos os casos detectados na Galiza procedían moi maioritariamente de Madrid. O estado francés chegou a decretar a corentena e confinamento, en data 6 de marzo, da zona norte de París. O propio Estado español pechou fronteiras con Portugal e Franza, ou mesmo as Illas Baleares xa se blindaron. Por que non Galiza? Daquela, segue vixente a esixencia ao Goberno galego de demandar do Goberno español a adopción urxente das seguintes medidas:

1.1.1. Peche dos tres aeroportos galegos para transporte convencional de viaxeir@s. Habilitación de zona de corentena para aquelas persoas que necesariamente deban entrar por vía aérea. Instalación, para recepción de mercadorías vía aérea, de arcos de desinfección.

1.1.2. Supresión das viaxes en ferrocarril de media e longa distancia.

1.1.3. Peche das entrada á Galiza por estrada, autoestrada e autovía, coa interrupción do transporte de viaxeir@s e de vehículos particulares, desde Asturias e Castela e León, en termos similares aos empregados na fronteira portuguesa. Prohibición expresa da entrada de traballadores/as procedentes doutras partes do estado, así como doutras persoas por razóns turísticas ou a través do Camiño de Santiago, que permanecerá pechado.

1.1.4. Instalación en todos os espazos fronteirizos e onde se recepcione a carga por estrada ou autoestrada, de arcos de desinfección para camións de transporte. Sobre todo, aqueles procedentes doutras comunidades (especificamente Madrid) e doutros estados europeos.

1.1.5. Prohibición de atraque nos portos galegos de buques de pasaxe, de cruceiro e de recreo.

1.1.6. Os medios adscritos ao Servizo de Gardacostas de Galiza (buques, aeronaves e persoal) farán función de policía marítima nos portos, costas e mar territorial (12 millas) para verificar o cumprimento desta decisión.

1.1.7. Instalación, nos puntos de inspección fronteiriza dos portos, de arcos de desinfección para colectores e mercadorías procedentes doutros puntos dos Estado español e do mundo.

1.1.8. Só habería posibilidade de repatriación de galegos e galegas no exterior (en casos xustificadas), e con corentena controlada en lugares asignados.

### 1.2. Realización de probas masivas á poboación galega.

O goberno alemán comezou a utilizar os tests de diagnósticos antes de se confirmaren as primeiras mortes. A día de hoxe seguen facéndose as probas a todo aquela persoa que presente os síntomas ou ten a alguén no seu contorno que deu positivo. Priorizan nese país o test e os controis á mocidade, por ser o sector da poboación que máis viaxa e que máis vida social ten. Korea do Sul centrou a súa estratexia (e está a ter resultados positivos) na masificación de probas na súa poboación. Tendo en conta estas experiencias exitosas, proponse na Galiza:

1.2.1. Ampliación de tests de xeito sistematizado.

1.2.2. Adquisición, por calquera vía posíbel, do material preciso para a realización de probas. En caso de non o subministrar o Goberno español, por outras prioridades de distribución ou por calquera outra razón, o Goberno galego debe contar coa capacidade de iniciativa para a súa obtención, con independencia da autorización do Goberno central. A primeira prioridade, a saúde e a vida de galegas e galegos.

1.2.3. Aplicar medidas de control da mobilidade a través da xeolocalización individual das persoas infectadas.

1.2.4. Realización inmediata de probas ao 100% de residentes e persoal das residencias de maiores.

### 1.3. Cese de toda actividade económica e laboral non imprescindible.

O obxectivo, evitar o risco de contaxio no centro de traballo e nos contornos familiares e sociais de traballadoras e traballadores. O Real Decreto Lei que instaura o estado de alarma debe ser reformado para incluír este obxectivo. Daquela, cesarán na súa actividade todos aqueles traballos considerados non esenciais, e de xeito expreso:

1.3.1. Peche de actividade da grande industria.

1.3.2. Servizos mínimos para a banca.

1.3.3. Cese de actividade nos traballos forestais. No ámbito de SEAGA, grande risco, con vehículos compartidos, e sen EPI's, protocolos nin medidas de hixiene.

1.3.4. Paralización inmediata na actividade das canteiras e da produción de lousa nas naves: @s traballadores fan parte dun grupo de risco pola afección desta actividade a nivel pulmonar, mesmo con diversos graos de silicose.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

1.3.5. Cese de actividade nos bancos marisqueiros, a pé, a fronte e a mergullo e, en xeral, nas actividades extractivas (tamén pesqueiras) vinculadas maioritariamente a un sector como o da restauración, que se encontra pechado. Dotación de compensacións económicas.

### 1.4. Peche de instalacións e actividades, públicas e privadas, non imprescindíbeis.

1.4.1. Cos centros de ensino pechados, permitir a actividade on-line dos equipos directivos, derogando a obrigatoriedade de acudir fisicamente a centros educativos que a día de hoxe non están a impartir ningunha ensinanza.

1.4.2. Suspender procesións e cerimoniais relixiosas.

1.4.3. Rectificar a decisión da AEAT de non suspender as declaracións trimestrais. Débese garantir que as asesorías fiscais, laborais, etc procedan a atrasar estas tramitacións, así como a declaración do IRPF.

### 1.5. Dotación suficiente de Equipos de Protección Individual (EPI) e protocolos de actuación.

O goberno alemán (este país é o que ten o virus máis controlado, e con menor taxa de mortandade), desde o pasado 4 de marzo, consciente da importancia vital deste material, prohibiu a súa exportación para poder contar no seu país co equipamento necesario para enfrontar a crise. A maiores, facemos nosas consideracións e suxestións expresadas polo Consello Galego de Colexios Médicos.

1.5.1. Adquisición, por calquera vía posíbel, de equipos de protección individual (batas resistentes, máscaras de protección respiratoria con eficacia de filtración, protectores oculares, luvas) precisos para enfrontar esta crise na Galiza. En caso de non o subministrar o Goberno español, por outras prioridades de distribución ou por calquera outra razón, o Goberno galego debe contar coa capacidade de iniciativa para a súa obtención (selección de empresas e mandato imperativo para a súa produción inmediata, prospección internacional, etc.), con independencia da autorización do Goberno central. A primeira prioridade, a saúde e a vida de galegas e galegos.

1.5.2. Garantir a entrega de EPI para todo o persoal da sanidade, incluíndo aquel non considerado estritamente sanitario, mais cun evidente contacto con persoas infectadas: celador@s, limpeza, cociña, mantemento, seguranza, persoal de ambulancias, etc.

1.5.3. Os EPI serán de uso obrigado en todos os ámbitos e instalacións do sistema sanitario galego: hospitais, centros de saúde, PAC's, ou novos centros habilitados para enfrontar a actual crise sanitaria. Especialmente nas ambulancias da rede de transporte

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

sanitario urxente 061 da Galiza, e as da rede de transporte programado dependente das EOXI.

1.5.4. Todas aquelas mulleres sanitarias que estean preñadas poderán optar á posibilidade do teletraballo, ou ben a de se acolleren a unha baixa laboral, co fin de non se expoñeren a un risco innecesario.

1.5.5. Garantir a entrega de EPI a todas as traballadoras e traballadores de todos os servizos considerados esenciais para a sociedade, no actual estado de alarma e emerxencia, e que posúen risco por contacto con outras persoas: nos establecementos de alimentación, persoal de limpeza, correos, transporte e distribución, telecomunicacións, investigación, persoal de coidados, servizos de atención ao fogar (SAF), gasolineras, etc.

1.5.6. A administración pública proporcionará equipos de protección individual a todos os sectores laborais que o precisaren, así como protocolos estritos de actuación en cada un deles.

1.5.7. O Goberno español debe ser consciente da singularidade do sector pesqueiro galego e da existencia de normativa propia que regula esta actividade produtiva. O Real Decreto 463/2020, así como o Real Decreto Lei 8/2020, supoñemos que por descoñecemento profundo da realidade pesqueira galega, non aclara nin determina criterios claros na prevención do contaxio en embarcacións pesqueiras, nin en xeral no desenvolvemento desta actividade.

### 1.6. Plan de choque para residencias de maiores.

1.6.1. O plan será de aplicación urxente e obrigada tanto nas residencias de titularidade pública como nas de titularidade privada.

1.6.2. Establecemento de protocolos claros a seguir polo persoal destes centros.

1.6.3. Dotación de EPI's suficientes para persoal e usuari@s.

### 1.7. Acondicionamento de espazos seguros e libres de infección.

1.7.1. Os destinados ao descanso de traballadores/as após o traballo en centros sanitarios, e que non tornen ás súas vivendas.

1.7.2. Para o persoal exposto, para que non teña que volver ás súas casas por teren familiares incluídos en grupos de risco.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

1.7.3. Áreas en autoestradas ou espazos sinalados, destinados a condutores/as e ao sector do transporte por estrada.

1.7.4. Programa de desinfección de elevadores e outros espazos comúns en edificios e zonas de vivendas.

### 1.8. Axuda internacional.

O goberno italiano xestionou, desde o 13 de marzo, a chegada de 9 expertos chineses na contención do virus, así como de material procedente tamén dese país. O 14 de marzo estendeu a chamada a Cuba e Venezuela. Debemos adiantarnos, e solicitar xa esta axuda material, humana, técnica, científica e de investigación.

1.8.1. Especificamente, e por razóns de relación histórica, mais tamén de garantías de solvencia, e tendo en conta as necesidades do nos país na materia, débese solicitar formalmente do goberno cubano (con independencia do bloqueo norteamericano) a articulación de medidas de axuda traducidas basicamente en persoal e material médico.

## 2. PROPOSTAS DE REFORZO DA ATENCIÓN SANITARIA PARA COMBATERMOS O COVID-19.

O Goberno galego debe corrixir a política de desmantelamento sanitario dos últimos anos, e dedicar unha partida económica extraordinaria destinada a cubrir as necesidades dos sistema público sanitario no actual contexto.

Aproveitemos este momento, en que Galiza non chegou aínda ao pico de infeccións e á saturación do sistema sanitario para prever e executar as seguintes actuacións urxentes:

### 2.1. En materia de persoal sanitario.

2.1.1. Maior estabilidade para traballadoras e traballadores eventuais.

2.1.2. Regularización de contratos do persoal sanitario. Especialmente no caso de médic@s e enfermeir@s, evitando contratos por días e semanas, a través de acumulación de tarefas, obra, etc., mentres dure a crise.

2.1.3. Medidas de reforzo do cadro de persoal sanitario. Coa contratación do persoal sanitario actualmente no paro e con accións de recrutamento de profesionais a través dos colectivos de:

- Médicos xubilad@s.
- Estudantes de Medicina.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

- Estudantes de Farmacia.
- Estudantes en ciclos de FP socio-sanitarios.

2.1.4. Nos citados colectivos de estudantes evitarase a explotación laboral a través de prórrogas, permitindo a adquisición do título FEA (Facultativ@ Especialista de Área) e a súa contratación.

2.1.5. Reforzo de medios e persoal dos servizos telefónicos 112, 061, e o telefone habilitado especificamente para este cometido.

2.1.6. Reforzo do persoal técnico de emerxencias adscrito á rede de transporte sanitario urxente 061 da Galiza, e as da rede de transporte programado dependente das EOXI.

### 2.2. En materia de previsión de instalacións e infraestruturas sanitarias.

2.2.1. Plan de construción e/ou adaptación de instalacións en cada área sanitaria para prever o eventual incremento de casos para atención hospitalaria, ingresos e UCI's. Aproveitemos este momento, en que aínda Galiza non chegou ao pico de infeccións e á saturación do sistema sanitario.

2.2.2. Obrigatoriedade de colaboración, para este cometido, das grandesempresas de construción.

2.2.3. Previsión e planificación, en cada área sanitaria, de adaptación doutras instalacións (hoteles, residencias de estudantes, albergues, etc.) en espazos aptos para a atención sanitaria.

2.2.4. A administración pública poderá intervir e confiscar instalacións privadas para as destinar a esta finalidade.

2.2.5. Adaptación dun maior número de camas en unidades UCI.

2.2.6. Adquisición de respiradores de oxigenación para pacientes, con previsión de picos.

2.2.7. Garantías de seguranza e hixiene nas ambulancias da rede de transporte sanitario urxente 061 da Galiza, e as da rede de transporte programado dependente das EOXI.

2.2.8. Contemplar a ampliación de necesidades fúnebres complementarias.

## 3. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN EN SERVIZOS SOCIAIS.



## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

### 3.1. Medidas institucionais.

3.1.1. Intervir todas as residencias na Galiza, públicas e privadas, por afectar ao grupo con maior risco de contaxio e taxa de mortandade.

3.1.2. Declarar os servizos sociais como “de interese galego” mentres dure a situación de alarma sanitaria, e asunción por parte da Xunta de Galiza da dirección e do mando de todos os recursos dispersos polos concellos galegos. De xeito moi especial, o Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

3.1.3. Estabelecer mediante Decreto os servizos mínimos para o Servizo de Atención Fogar, con criterios claros de priorización.

3.1.4. Habilitar un teléfono específico de Atención Social, co obxecto de dar cobertura ás consultas sociais urxentes derivadas da situación de illamento.

3.1.5. Medidas de hospitalización para persoas residentes en centros de maiores.

3.1.6. Detección e atención ás persoas en situación de risco de exclusión social.

3.1.7. En concreto, seguimento e garantías de vida digna de nenos e nenas con bolsas de comedor que foron para as súas casas polo peche dos centros escolares.

3.1.8. Control efectivo dos “sen fogar”. Permitir o acceso inmediato a unha vivenda.

3.1.9. Activación inmediata dun “cheque social”, de como mínimo 200 euros, para aquelas persoas en exclusión ou con grave situación económica para que poidan realizar compras de primeira necesidade. A súa activación realizarase sen trabas burocráticas: só coa autorización dos servizos sociais sobre a determinación da súa necesidade.

3.1.10. Atención á diversidade psicolóxica e intelectual.

3.1.11. Establecer un servizo de reparto de alimentos, tanto preparados como non preparados, para aquelas persoas con especiais dificultades para o mantemento das súas necesidades básicas tras o peche de centros.

3.1.12. Dar cobertura técnica e profesional ás entidades locais que carezan de persoal cualificado para a xestión de emerxencias para axudar a crear Protocolos de Atención en Situacións Urxentes Non sanitarias derivadas do illamento.

### 3.2. Do cadro de persoal en materia de servizos sociais.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

3.2.1. Garantías de protección (EPI's e protocolos) e formación das e dos profesionais que visitan en domicilios a persoas doentes ou aos seus contornos, así como das persoas que atenden, sobre todo positivas ou con síntomas.

3.2.2. Regular os servizos mínimos a dispensar polas auxiliares de axuda ao fogar.

3.2.3. Coordinación do Colexio de Traballo Social entre a Xunta de Galicia e os Concellos co fin de ofrecer orientacións básicas e homoxéneas a todo o colectivo do Social.

### 4. PROPOSTAS CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA.

4.1. Reforzamento, en previsión, dos dispositivos en materia de violencia de xénero por motivo do confinamento.

4.2. Protocolo de actuación específico das forzas e corpos de seguranza tendo en conta este contexto específico.

4.3. Garantir o funcionamento de casas de acollida para mulleres que padecen a violencia machista.

4.4. Alternativas de aloxamento para mulleres que sofren violencia de xénero e a súa unidade familiar. Acordo con hoteis con esta finalidade.

### 5. PROPOSTAS NO ÁMBITO INSTITUCIONAL.

5.1. Defensa da capacidade de decisión e xestión da crise desde Galiza.

O estado de alarma aplicado polo Estado español supuxo a eliminación das competencias exclusivas da Galiza en ámbitos diversos, mais tamén en áreas sensíbeis como a sanidade. Por razóns de eficacia, operatividade e axilidade, é esencial garantir a capacidade de decisión da administración galega, para mellor xestionar, desde a nosa realidade específica, o tratamento e as solucións tamén específicas que require esta crise.

Alemaña, o estado europeo que mantén máis controlada a infección, e coa menor taxa de mortandade, adoptou diferentes medidas a través dos seus "landers", adaptados en cada caso á súa situación concreta, e revelándose como unha boa liña de actuación.

5.2. Defensa da democracia.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

5.2.1. Dotación de regras de funcionamento da Deputación Permanente do Parlamento da Galiza, adaptadas á situación excepcional. Funcións de control do labor de goberno, de impulso, e todas aquelas relativas a mudanzas de carácter orzamentario precisas para enfrontar a situación actual.

5.2.2. Petición de comparecencia urxente do Presidente da Xunta no Parlamento da Galiza (Deputación Permanente) para informar sobre o diagnóstico de situación, medidas adoptadas, previsión de evolución da crise, e propostas de liñas de actuación nos ámbitos de atención sanitaria, de contención do virus, e de medidas de choque fronte ao impacto económico, social e laboral. O pobo galego precisa ver as súas institucións respondendo. Incluído o Parlamento de Galiza.

### 5.3. Creación dunha Mesa Galega para enfrontar as consecuencias do coronavirus.

Coa participación das forzas políticas galegas con representación no Parlamento da Galiza, as principais centrais sindicais, a patronal, e outras entidades representativas (agrarias, pesqueiras, sanitarias, etc.). Para información, análise e consenso nas actuacións.

### 5.4. Reclamacións económicas complementarias á Unión Europea.

5.4.1. Proposta de reprogramación de fondos comunitarios para atender ás urxencias na Galiza: FEMP, FEADER, FEDER, FSE e Fondo de Cohesión.

5.4.2. Articulación do Fondo de Solidariedade da UE para atender esta crise.

5.4.3. Incumprimento dos requisitos de axuste fiscal contemplados no “Pacto de estabilidade e crecemento” da UE. Daquela, superación do límite de gasto, e do limiar de déficit e débeda.

### 5.5. Reclamacións económicas complementarias ao Goberno español.

5.5.1. É inxusto un criterio de axudas económicas dirixidas ás comunidades autónomas fundamentado basicamente na proporción poboacional. O caso galego é diferente: a nación máis envellecida do Estado, e por tanto con maior poboación de risco; unha forma específica de habitar o territorio que alonxa en ocasións usuari@s de servizos sanitarios ou doutro tipo, e así sucesivamente.

5.5.2. O papel dos efectivos militares despregados na Galiza debe ter carácter extraordinario, supeditarse á planificación civil, e non ocupar funcións que xa desenvolven outros corpos. Así, o material NBQ que posúe (xeral e de protección individual a agresións químicas e bacteriolóxicas) debe ser posto a disposición da autoridade sanitaria. Nesa dirección, o Hospital Naval de Ferrol (incluída a denominada

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

zona OTAN) debe ser tamén xestionado baixo dirección galega. Non ten sentido o despregamento de persoal armado, nin de vehículos blindados no noso país: xerar un clima de alerta bélica non axuda a resolver a situación.

### 5.6. Uso da lingua galega.

5.6.1. As declaracións do Presidente da Xunta e d@s conselleir@s no desempeño do seu cargo e funcións, tamén na información relativa á crise, realizaranse en lingua galega, segundo o establecido na legalidade e no plan xeral de normalización da lingua galega.

5.6.2. Os anuncios escritos de información, así como os inserimentos publicitarios nos medios de comunicación á poboación realizados polo Goberno galego, realizaranse en galego.

5.6.3. A CRTVG deberá ter en conta o confinamento de crianzas nas súas vivendas e contemplar, na súa programación, unha liña educativa (evidentemente en galego) dirixida á infancia.

## 6. PROPOSTAS FRONTE AO IMPACTO ECONÓMICO E SOCIAL DA CRISE.

As medidas adoptadas polo goberno español no Real Decreto Lei 8/2020, claramente insuficientes, en casos inxustas, e lonxe das xa aprobado por outros estados (Italia, Franza, Alemaña, Dinamarca, China, Korea do Sul, etc.), deben ser revisadas e melloradas. Ao tempo, a Xunta de Galiza debe adoptar accións complementarias. Ambas as dúas administracións deberían dirixir as súas actuacións á aplicación das seguintes medidas:

### 6.1. Apoio á clase traballadora.

6.1.1. Prohibición de despedimento por razóns económicas. Italia xa ten aprobada esta medida desde o pasado 16 de marzo.

6.1.2. Garantías de que calquera traballador/a afectada, ben sexa por aplicación dun ERE, ERTE, modificación de xornada laboral, mudanzas de sistema de traballo, etc., non sufrirán deterioro nas súas condicións de traballo, e garantirase en todos os casos a remuneración equivalente á percepción íntegra dos seus salarios segundo o correspondente convenio.

6.1.3. Obtención de permiso retribuído por deber inescusábel (segundo o actual estatuto dos traballadores) no actual estado de alarma e emerxencia sanitaria. A maiores, cómpre un plan de medidas para a conciliación, especialmente tamén para familias

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

monoparentais, e de obtención de permisos especiais. En ningún caso computarán estes períodos como vacacións ou excedencias.

6.1.4. As prestacións por desemprego consumidas por aplicación dos ERTE's que se apliquen con motivo desta crise non deben computar a futuro. Isto é, non se descontarán dos días de protección que estaban acumulados, ao se entender que non puido existir unha busca activa e real de emprego por causas non atribuíveis ás persoas desempregadas.

6.1.5. Aquel@s traballador@s que non teñan cuberto o período de carencia (cotización) mínimo para xerar dereito a percibir prestación por desemprego, percibirana igualmente.

6.1.6. As baixas a traballadores e traballadoras que outorgue o SERGAS débense cinxir ao estipulado para casos de incapacidade temporal por enfermidade común asimilada a un accidente de traballo en canto ás prestacións (art. 11 do RDL 7/2020), permitindo así a percepción do 75% da base reguladora desde o primeiro día, como está estipulado nesa normativa. A Xunta de Galiza debe cesar coa na súa política de outorgar baixas ordinarias.

6.1.7. As empresas cun elevado nivel de beneficios anuais estarán obrigadas a manter o emprego nos seus cadros de persoal con cargo aos seus recursos propios.

6.1.8. Condonación dun período inicial de 3 meses de hipoteca ou compensación de alugueiro.

6.1.9. Condonación do pagamento de servizos básicos (auga/luz/gas, taxa do lixo, etc.) durante un período inicial de 3 meses (até un importe que se marque ou até un importe igual ao do anterior recibo emitido).

6.1.10. Internet gratis mentres dure o confinamento (a ter en conta para o teletraballo, ou o lecer infantil).

6.1.11. A administración pública proporcionará equipos de protección individual a todos os sectores laborais que o precisaren, así como protocolos estritos de actuación.

6.1.12. As administracións públicas evitarán que, na actual situación, as empresas concesionarias ou beneficiarias de contratos procedan ao despedimento do seu cadro de persoal, e garantírase a percepción íntegra dos seus salarios.

6.1.13. Reclamación de o Decreto contemplar a situación específica das traballadoras do fogar, que asegure os seus ingresos aínda paralizándo a súa actividade.

### **6.2. Apoio a autónom@s. Plan de choque, que inclúa as seguintes medidas:**

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

6.2.1. Eliminación da cota de autónomos durante un período inicial de 3 meses. A ingresos 0, cotizacións 0.

6.2.2. Ademais das accións promovidas desde o Estado, articulación dunha axuda de 2.000 euros, en termos similares ás articuladas pola Generalitat de Catalunya.

6.2.3. Moratoria ou exención do pagamento de alugueiro en locais comerciais pertencentes a autónom@s mentres estean pechados e non haxa ingresos, até a súa recuperación.

6.2.4. Moratoria ou exención no pagamento de hipotecas en locais comerciais pertencentes a autónom@s mentres estean pechados e non haxa ingresos, até a súa recuperación.

6.2.5. Permitir que @s autónom@s colaboradore@s tamén poidan ser receptor@s de medidas de apoio e axuda, xa que as que van recibir @s autónom@s titulares non contemplan o caso de autónom@s colaboradores (que necesariamente teñen de ser cónxuxes ou familiares até 2º grao). Coa cotización mínioma (286,15) a axuda que correspondería sería de 660 euros. Mais as cotas de dúas persoas xa sumarían 572 euros (e tan só percibirían 88 euros).

6.2.6. No caso de asesorías fiscais, laborais, etc., deberá permitirse o atraso dos trimestres (IVE, IRPF, etc), após o anuncio da AEAT de non suspender a presentación de declaracións trimestrais.

6.2.7. O colectivo de tradutores/as e intérpretes será incluído explicitamente nas medidas de apoio (polo cese de actividade no período de alarma e pola perda posterior de ingresos ou lucro cesante), xa que esta profesión carece de epígrafe propio no rexistro de actividades económicas.

6.2.8. Levantamento da peaxe das autoestradas AP-9, AP-53, AG-55 e AG-57 durante o período de alarma, atendendo mesmo ao carácter estratéxico do sector do transporte.

### 6.3. Apoio ao comercio galego.

6.3.1. Campaña pública en defensa e promoción dos produtos galegos.

6.3.2. Plan de recuperación do comercio de proximidade, feiras e mercados tradicionais ao remate da situación de alarma sanitaria, tendo en conta o efecto producido polas compras on line durante esta fase.

### 6.4. Apoio aos sectores produtivos.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

6.4.1. O cese de actividade nos bancos marisqueiros, a pé, a frote e a mergullo e as actividades que teñan como destino fundamental do produto o sector da restauración. O cese levará aparellada a dotación de compensacións económicas por lucro cesante.

6.4.2. Determinación de normas e protocolos claros e adaptados á realidade do sector agrogandeiro galego, así como no ámbito pesqueiro e marisqueiro.

6.4.3. Aqueles segmentos do sector agrario e pesqueiro afectados pola caída das vendas destinadas á “canle HORECA” (hostalaría, restauración), tendo en conta o peche dos establecementos, serán obxecto de seguimento e compensación económica, co fin de garantir a súa viabilidade económica e a súa funcionalidade social de produción de alimentos para o pobo.

6.4.4. En relación coas solicitudes de axudas da PAC 2020, tendo en conta as prórrogas xa autorizadas como consecuencia da crise, a Consellaría do Medio Rural debe pór todos os medios para facilitar a presentación telemática das solicitudes por parte das propias titulares das explotacións agrarias e polas entidades colaboradoras co obxecto de que, malia a prórroga do prazo, poidan presentar a súa solicitude quen o desexar.

6.4.5. A Xunta de Galiza deberá emprender negociacións co Goberno español e coa Comisión Europea para realizar as reprogramacións que sexan precisas no Programa de Desenvolvemento Rural da Galiza, co fin de evitar unha eventual perda de fondos.

### 6.5. Ingresos extra para financiamento dos custos da crise.

6.5.1. Devolución dos 65.000 millóns de euros procedentes do rescate bancario, socializados no seu día ao servizo do sector financeiro, e posta a disposición para o pagamento da crise.

6.5.2. “Imposto COVID-19” ás grandes fortunas.

6.5.3. Redución do gasto militar e da casa real para permitir a súa transferencia ás actuacións precisas para enfrontar esta crise.

6.5.4. Obrigar á banca a flexibilizar os plans de pensións (preceptivos para o financiamento dunha hipoteca para a apertura dun negocio) para seren utilizados no actual contexto.

6.5.6. Utilización do superávit nas administracións públicas e por tanto, superación do teito de gasto á hora de atender as necesidades sanitarias e socioeconómicas no actual contexto de crise.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

6.5.7. Eliminación da regra de gasto para os concellos.

6.5.8. En coherencia co anteriormente exposto, procederáse á tramitación da modificación do artigo 135º da Constitución española.

### 6.6. Reforzo da inspección de traballo.

6.6.1. Actuación específica para obrigar á aplicación estrita nas empresas dos protocolos de prevención e contención. Especial atención a empresas cun elevado número de traballadoras e traballadores presenciais (automoción, telemarketing...).

6.6.2. Control efectivo da limitación das actividades que non sexan esenciais.

6.6.3. Garantir que non se obriga ao persoal a coller vacacións durante este período.

6.6.4. Impedir a realización de xornadas maratonianas (supermercados, distribución, etc.) durante o período correspondente co estado de alarma.

6.6.5. Impedir que a pandemia se converta en coartada de despedimentos masivos non xustificadas.

6.6.6. Tendo en conta a actual distribución competencial (estatal e autonómica) sobre a mesma función (inspección de traballo), xúlgase máis eficaz e operativo, residenciar sobre a administración galega o exercicio básico dos labores de inspección de traballo e o control sobre estas funcións.

### 6.7. Apoio ao sector cultural.

6.7.1. Liña específica de apoio ao sector cultural galego que contemple, tamén, a viabilidade futura de proxectos artísticos hoxe suspensos, e que deberán considerarse como adiados até a normalización da situación.

6.7.2. Reprogramación do Xacobeo 2021, para que se oriente fundamentalmente á programación e difusión da cultura galega.

6.7.3. Políticas de compensacións de gastos ocasionados polas anulacións.

6.7.4. As administracións públicas non suspenderán os contratos coas empresas prestadoras de servizos culturais, e asumirán a parte de custos fixos destes contratos.



## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

6.7.5. Acordos coa CRTVG e xestores culturais para o deseño de programación cultural nesta fase de confinamento en vivendas.

6.7.6. Suspensión temporal do pago de cotas de préstamos bancarios concedidos para investimentos en equipos técnicos, vehículos, escenografía e outras necesidades nas industrias culturais.

6.7.7. Rebaixa do IVE cultural.

### **7. GARANTÍAS DE DOTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS E DE SUBMINISTRACIÓN ALIMENTARIA AO POBO GALEGO.**

Partindo da obriga dos poderes públicos de garantiren o dereito á alimentación e de dotación de servizos esenciais ao conxunto da poboación galega, e incluíndo a opción da intervención pública directa para garantir estes servizos básicos, poranse en marcha as seguintes medidas:

#### **7.1. Garantías de subministración alimentaria.**

7.1.1. Garantir a recollida de leite nas explotacións gandeiras do noso país, así como os procesos de procesado, envasado e comercialización en condicións dignas.

7.1.2. Garantir recollida de animais, unha vez suspendidas as feiras semanais (Silleda, Amio e Castro) e a súa subministración para a alimentación humana.

7.1.3. Garantir abastecemento de insumos para as explotacións intensivas tanto de vacún coma de porcino, aves, etc.

7.1.4. Garantir a actividade extractiva pesqueira, de baixura, altura e grande altura, así como os procesos derivados de transformación, conxelado e comercialización en fresco ou procesado, en condicións de plena seguranza e hixiene para mariñeiros, redeiras, lonxeir@s, traballadoras da conserva, estibadores, etc.

7.1.5. Estimular a produción propia de alimentos de calidade na Galiza.

#### **7.2. Garantías de dotación de servizos básicos.**

7.2.1. Os poderes públicos deberán garantir a cobertura enerxética básica á poboación galega, con luz eléctrica, gas, combustíbel e calefacción.

## PROPOSTAS DO BNG PARA FACER FRONTE Á CRISE DO CORONAVIRUS

7.2.2. Tendo presente o carácter estratéxico do sector do transporte e distribución, será beneficiado en ámbitos como o levantamento de peaxes no territorio galego. Ao tempo, existirán uns servizos mínimos (talleres, reparacións) que garantirán a súa viabilidade. Traballadoras e traballadores deste sector serán informados da existencia de servizos mínimos que permitan a súa manutención, pernoctación, etc. con garantías hixiénicas preventivas.

7.2.3. Os poderes públicos garantirán o servizo de abastecemento de auga potábel a toda a poboación. O persoal adscrito ás plantas potabilizadoras posuirá medidas de protección e protocolos específicos.

7.2.4. As telecomunicacións e o servizo postal universal estarán garantidos.

